



**ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17.07.2026 POLO
QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BECAS A DEPORTISTAS
INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE PORTO DO SON NO ANO 2026**

**CONVOCATORIA DE BECAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE PORTO DO
SON NO ANO 2026**

1) Obxecto da subvención

A presente subvención ten como obxecto a concesión de becas a deportistas Sonenses, que pertencen ou non a entidades deportivas do Concello, e que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano fixado na convocatoria, co obxectivo de apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.

Establécense tres liñas de subvención:

Beca a)	Destinada a deportistas de disciplinas olímpicas ou paralímpicas,ou integrantes dos equipos das seleccións nacionais absolutas, con opción de clasificarse para participar na seguinte olimpíada,cunha contía de 2.500,00€ a repartir entre as tres puntuacións máis altas.
Beca b)	Destinada a outros/as deportistas que destacaran na súa faceta competitiva no ano a valorar, destinarase a cantidade fixada na convocatoria, cunha contía máxima de 1.000,00€ a repartir entre as 3 puntuacións máis altas.
Beca c)	Destinada a deportistas de categorías infantil e cadete, cunha contía máxima de 1.500,00€ a repartir entre as 3 puntuacións máis altas.

Para o cálculo sumaranse as 3puntuacións máis altas e daráselle un valor ó punto acadado, logo multiplicarase o valor do punto acadado na suma polos puntos totais de cada deportista, do que resultará a contía a percibir de cada un.

As liñas son incompatibles entre sí, de xeito que as persoas solicitantes deberán optar na súa solicitude por unha ou outra modalidade.

2) Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán solicitar becas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter condición de deportista na práctica dalgún deporte olímpico ou paralímpico (aínda que atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas practicantes de deportes non olímpicos). Nas modalidades individuais ou colectivas.
2. Estar empadroado no Concello de Porto do Son, cunha antigüidade mínima de tres anos dende a data da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
3. Ter licenza federativa en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedida pola Federación Deportiva correspondente.
4. Estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Porto do Son, así como das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso dos menores de idade a obriga virá referida aos seus titores legais.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria das becas previstas nestas bases as persoas nas que concorren algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).





3) Procedemento de concesión

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

4) Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes formalizaranse en modelo normalizado que se achegará como anexo I na convocatoria respectiva e presentaranse a través do Rexistro xeral do Concello de Porto do Son ou no Rexistro da Sede Electrónica por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante un prazo de 10 días a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

Xunto coa solicitude de subvención para calquera dos tres programas presentarase a seguinte documentación, sen prexuízo doutra documentación que no seu caso, figure no modelo normalizado que se achegará como anexo na convocatoria:

1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do solicitante, en caso de ser menor de idade tamén de ambos país.
2. Certificado de empadramento histórico.
3. Fotocopia compulsada da licenza federativa correspondente ao ano a valorar na convocatoria.
4. Fotocopia compulsada da licenza, ou certificado de ter licenza en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedido pola Federación correspondente.
5. Certificación bancaria orixinal da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da achega, no caso de que se conceda.
6. Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Porto do Son, así como das obrigas tributarias coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de menores de idade a declaración deberá ir asinada polos titores legais.
7. Declaración de outras subvencións percibidas no seu caso.
8. Modelo normalizado que se achegará como anexo II "Competicións a valorar" na convocatoria respectiva.
9. Currículo deportivo, expedido polo Clube ou Federación correspondente, referido ao ano a valorar, e anteriores no suposto de ter sido medallista galego, nacional ou internacional, para ser valorado no apartado palmarés.

5) Criterios de valoración

A avaliación das solicitudes para os dous programas realizarase pola Concellería de Deportes atendendo aos seguintes criterios (non serán obxecto de valoración aquelas actividades nas que se incorrera en dopaxe e fora declarado como tal o mesmo):

1.PALMARÉS.—Valórase unicamente o mellor resultado acadado, na anualidade a valorar (en cada ámbito), polo deportista atendendo ao seguinte baremo:

Ámbito rexional (campionatos oficiais)/(Convocatorias con seleccións autonómicas):

- * Clasificados/as 3.º posto: 3 puntos.
- * Clasificados/as 2.º posto: 4 puntos.





- * Clasificados/as 1.º posto: 5 puntos.

Categoría nacional (campionatos oficiais)/(Convocatorias selección nacional):

- * Clasificados/as do 4.º ao 12.º posto: 4 puntos.
- * Clasificados/as 3.º posto: 6 puntos.
- * Clasificados/as 2.º posto: 7 puntos.
- * Clasificados/as 1.º posto: 8 puntos.

Categoría Europea (campionatos oficiais):

- * Clasificados/as do 4.º ao 12.º posto: 15 puntos.
- * Clasificados/as 3.º posto: 20 puntos.
- * Clasificados/as 2.º posto: 25 puntos.
- * Clasificados/as 1.º posto: 30 puntos.

Categoría Mundial (campionatos oficiais):

- * Clasificados/as do 4.º ao 12.º posto: 20 puntos.
- * Clasificados/as 3.º posto: 25 puntos.
- * Clasificados/as 2.º posto: 30 puntos.
- * Clasificados/as 1.º posto: 35 puntos.

Categoría Olímpica (Olimpiadas):

- * Ouro olímpico: 100 puntos.
- * Prata olímpica: 80 puntos.
- * Bronce olímpico: 70 puntos.
- * Ter a condición de olímpico: 50 puntos.

(Entendese ter condición de olímpico, ter participado na olimpiada anterior a convocatoria en curso).

Só puntuaranse os resultados obtidos de forma individual nos campionatos individuais ou parella (cando non hai disciplina individual) da súa disciplina deportiva (voleipraia, padel, natación sincronizada, deportes adaptados cando se necesita guía, etc.). Ou resultados en deportes de equipo.

Os campionatos oficiais referidos anteriormente serán o galego/autonómico, nacional, europeo e muncial da disciplina, así como xogos olímpicos/paralímpicos. Outros campionatos oficiais que se presenten poderán ser puntuados ou non a xuízo da comisión avaliadora.





Para que as competicións se valoren, a solicitude deberá ir acompañada dun informe do club ou federación correspondente indicando a importancia de dita competición para ser tomada en conta pola comisión avaliadora.

2. CONTINUIDADE.—Valoración en función dos anos de práctica dos/as deportistas, éxitos pasados e mantemento do/a deportista na alta competición nos seus respectivos deportes e categorías:

- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato galego durante tres ou máis anos: 3 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato galego durante dous: 2 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato galego durante un ano: 1 punto.
- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato de España durante 3 ou mais anos: 4 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato de España durante 2 anos: 3 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto en campionato de España durante 1 ano: 2 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto no campionato de Europa durante 3 anos ou mais: 5 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto no campionato de Europa durante 2 anos: 4 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º r posto no campionato de Europa durante un ano: 3 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto no campionato do mundo durante 3 anos ou mais: 10 puntos..
- * Por acadar mínimo un 3º posto no campionato do mundo durante 2 anos: 8 puntos.
- * Por acadar mínimo un 3º posto no campionato do mundo durante 1 ano: 6 puntos.
- * Por ter participado nunhas olimpíadas/Paralimpíadas anteriormente: 15 puntos (se se perdeu a condición de olímpico/a)

Para poder optar a estas axudas será requisito obrigatorio que os solicitantes reciban un mínimo de 3 puntos no apartado palmarés a valorar, e de 6 puntos no total.

Poderanse realizar de oficio as actuacións que se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados polo deportista, en virtude dos cales se formulará a proposta de concesión de bolsas.

Atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas con calquera clase de discapacidade.

Quedarán excluídos destas axudas todos os logros deportivos referentes á categoría de veteranos.

6) Contía das axudas

A contía destinada a cada liña da subvencións ven fixada no punto 1 desta convocatoria e calcularase tendo en conta os criterios de reparto establecidos.





As axudas reguladas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 341.48003, cun importe máximo de 5.000 €.

7) Compatibilidade da subvención

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados.

8) Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico da Concellería de Deportes, que analizará as solicitudes presentadas. Os posibles defectos na solicitude seranlles notificados as persoas interesadas, e daráselles un prazo de 10 días para emendar erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a emenda requirida, as peticións serán arquivadas sen máis trámites.

Unha vez emitido o informe relativo ás solicitudes que compren os requisitos para poder ser persoas beneficiarias da subvención, trasladarase á comisión avaliadora.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

1. Presidente: o concelleiro delegado da área de Deportes, ou persoa en quen delegue.
2. Vogais: dous traballadores/as do departamento de deportes, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.
3. Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas conforme aos criterios de valoración establecidos nestas bases e emitirá informe sobre a concesión das becas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de concesión provisional debidamente motivada e deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceda axuda, ordenándoos en función da puntuación que tiveran obtido por aplicación dos criterios sinalados anteriormente, indicando o importe da axuda concedida e designará igualmente aos solicitantes suplentes, en orde de prioridade, e a relación de solicitudes desestimadas, se fose o caso, segundo se establece no artigo 25 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

A concesión provisional será aprobada pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e mediante listado ao efecto na páxina web do Concello de Porto do Son (www.portodoson.gal), publicándose o número de rexistro de entrada da solicitude e o importe a percibir, concedendo 10 días hábiles dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP para que as persoas beneficiarias comuniquen a súa aceptación ou no seu caso, para que efectúen as alegacións que consideren oportunas, sen que esta concesión provisional supoña a creación de dereito algún a favor do/a beneficiario/a proposto/a fronte á administración.

Coa comunicación da aceptación, as persoas beneficiarias deberán achegar en todo caso, unha declaración responsable aceptación de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais co Concello de Porto do Son, así como das obrigas tributarias e coa Seguridade e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (LSG).





No caso de presentarse alegacións, estas serán analizadas pola comisión avaliadora que emitirá o seu informe.

Á vista do informe da comisión avaliadora e da proposta do órgano instrutor, a Xunta de Goberno acordará a concesión definitiva que será publicada no BOP e a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e mediante listado ao efecto na páxina web do Concello de Porto do Son (www.portodoson.gal), publicándose o número de rexistro de entrada da solicitude e o importe a percibir.

O prazo máximo para resolver o procedemento non poderá exceder de dous meses contado dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O transcurso do dito prazo sen resolución expresa implicará a desestimación da solicitude.

Contra as resolucións administrativas que se adopten na execución deste procedemento poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Enténdese desestimado o recurso se transcorrido o prazo dun mes dende a súa presentación no se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo nos termos da Lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

9) Xustificación e pagamento

Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios.

O pagamento efectuarase en todo caso despois da publicación da concesión definitiva e tras a aceptación de achega por parte do beneficiario, de acordo co previsto na base anterior, e de acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais co Concello de porto do Son, así como das obrigas tributarias e coa Seguridade e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (LSG).

10) Obrigas das persoas beneficiarias

- Someterse á actividade de control do concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións.
- Adoptar as medidas de difusión e publicidade.
- Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvencións.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na LSG , LXS.

11) Reintegro das subvencións

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) referido á invalidez da





resolución da concesión e nos supostos previstos con carácter xeral no dito artigo. O procedemento de reintegro rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

12) Réxime de infraccións e sancións

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as persoas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13) Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos nos procedementos derivados destas bases serán tratados, na súa condición de responsable, polo concello de Porto do Son, baseándose no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixital.





ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

BECA QUE SE SOLICITA

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Localidade:	
Tlf:	Correo electrónico:

Datos do representante:

Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Localidade:	
Tlf:	Correo electrónico:

SOLICITA:

A participación na convocatoria de axudas para deportistas sonenses correspondentes ao exercicio fixado na convocatoria.

ACHEGA a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do solicitante, en caso de ser menor de idade tamén de ambos país.
- Certificado de empadramento histórico.
- Fotocopia compulsada da licenza federativa correspondente ao ano a valorar na convocatoria.
- Fotocopia compulsada da licenza, ou certificado de ter licenza en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedido pola Federación correspondente.
- Certificación bancaria orixinal da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da achega, no caso de que se conceda.
- Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de porto do Son, así como das obrigas tributarias coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de menores de idade a declaración deberá ir asinada polos titores legais.
- Declaración de outras subvencións percibidas no seu caso.
- Anexo II "Competicións a valorar" na convocatoria respectiva.
- Currículo deportivo, expedido polo Clube ou Federación correspondente, referido ao ano a valorar, e anteriores no suposto de ter sido medallista galego, nacional ou internacional, para ser valorado no apartado palmarés.

En Porto do Son a __ de _____ de 2026.

Asinado:

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON





**ANEXO II
COMPETICIÓN A VALORAR**

COMPETICIÓN REXIONAL: CAMPIONATO GALEGO/AUTONÓMICO.CONVOCATORIAS SELECCIÓN AUTONÓMICA

MELLOR POSTO ACADADO/CONVOCATORIAS	
---------------------------------------	--

COMPETICIÓN NACIONAL: CAMPIONATO DE ESPAÑA.CONVOCATORIAS SELECCIÓN NACIONAL

MELLOR POSTO ACADADO/CONVOCATORIAS	
---------------------------------------	--

COMPETICIÓN EUROPEA: CAMPIONATO DE EUROPA

COMPETICIÓN	
POSTO OBTIDO	

COMPETICIÓN MUNDIAIS: CAMPIONATO DO MUNDO

COMPETICIÓN	
POSTO OBTIDO	

OLIMPIADAS:

POSTO OBTIDO	
--------------	--

OUTRAS COMPETICIÓN A VALORAR:

COMPETICIÓN	
POSTO OBTIDO	
COMPETICIÓN	
POSTO OBTIDO	
COMPETICIÓN	
POSTO OBTIDO	

*para ter en conta estas competicións, débese entregar xunto ca solicitude un informe do club/federación onde se indique a importancia de dita competición para tela en conta.

En Porto do Son, a ___ de _____ de 2026.

Asinado.





ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña. _____

con DNI _____ e domicilio en _____

como representante legal de _____

DECLARA

Que a persoa solicitante/representante legal non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria das axudas convocadas e para ser perceptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, estando ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Porto do Son.

Que a persoa solicitante/representante legal se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

En Porto do Son, a ____ de _____ de 2026.

Asinado.





ANEXO IV ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Localidade:	
Tlf:	Correo electrónico:

Datos do representante:

Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	
Localidade:	
Tlf:	Correo electrónico:

ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

O abaixo asinante, en calidade de beneficiario /representante do beneficiario subvencionado, **ACEPTA** expresamente a Subvención concedida polo Excmo. Concello de Porto do Son (P1507200B) que arriba se indica, con estrita suxeición ao previsto na Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras para o outorgamento de becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son (BOP num.172 do 09/09/2021), a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento.

DECLARACIÓN

- Que non foi condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Que non solicitou a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado conforme á Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Que non deu lugar, por causa da que se lle declare culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Que non está incurso a persoa física, os administradores da Entidade ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidade da Lei 12/1995, do 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- Que NON ten a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Que se atopa ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións anteriormente concedidas ou non xustificar debidamente as mesmas (Só no caso de que exista acto administrativo firme de reintegro).
- NON ser sancionado administrativamente mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.
- Estar ao corrente das miñas obrigas fiscais co Estado, a CC.AA., o Concello de Porto do Son e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- As demais previstas na normativa que resulte de aplicación.

SOLICITUDE DE PAGO

Solicítase o abono do importe da subvención concedida á conta corrente abaixo indicada:





Entidade Bancaria:		
Conta corrente:	Código IBAN	Nº de conta

(debe coincidir co certificado achegado na solicitude da subvención)

En Porto do Son, a ____ de ____ de 2026.

O Beneficiario,

Sinatura.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON

